

Noticia:<http://www.xornal.com/article.php3?sid=20080329102139>

Analizan o papel da educación no desenvolvemento humano e social

A conselleira de Educación estará na IV Conferencia Internacional sobre Educación Superior en Barcelona.

(Sábado, 29 de marzo de 2008)

XORNAL I Santiago.- A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, [Laura Sánchez](#) Piñón, asistirá a próxima semana á IV Conferencia Internacional de Barcelona sobre Educación Superior, Novos Retos e Roles Emerxentes para o Desenvolvemento Humano e Social, organizada pola Global University Network for Innovation (GUNI). A cuarta edición da Conferencia, que se celebrará os días 31 de marzo, 1 e 2 de abril, analizará o papel da educación superior na súa contribución ao desenvolvemento humano e social no contexto da globalización. O punto de partida deste encontro é a publicación do terceiro informe da GUNI A Educación Superior no Mundo que trata sobre o mesmo tema.



A Conferencia terá lugar na Universidade Politécnica de Cataluña (UPC) e contará coa participación dos autores principais do informe GUNI para discutir as súas impresións, ideas e investigacións con responsables educativos procedentes de todo o mundo.

Durante a xornada do mércores presentárase unha iniciativa enmarcada no programa galego FP Plus.

A conselleira de Educación asistirá o luns, 31 de marzo, ao relatorio inaugural da IV Conferencia Internacional de Barcelona sobre Educación Superior, que leva por título Os desafíos presentes e futuros da educación superior no contexto da globalización e na que intervirán Philip Altbach, do Centro de Educación Superior Internacional da Universidade de Boston; Deepak Nayyar, da Jawaharlal Nehru University; e Federico Mayor Zaragoza, presidente da Fundación para unha Cultura de Paz.

Posteriormente, Sánchez Piñón entrevistárase con Federico Mayor Zaragoza, quen fora cofundador en 1974 do Centro de Bioloxía Molecular Severo Ochoa, da Universidade Autónoma de Madrid e do Consello Superior de Investigacións Científicas. Entre outras responsabilidades políticas, Mayor Zaragoza ten desempeñado os cargos de Subsecretario de Educación e Ciencia do Goberno español, deputado ao Parlamento español, conselleiro do presidente do Goberno, ministro de Educación e Ciencia e deputado ao Parlamento europeo.

Xa pola tarde, a conselleira de Educación manterá unha xuntanza con Peter Taylor, investigador e xefe dos programas de posgrao do Instituto de Estudos sobre Desenvolvemento (IDS) da Universidade de Sussex (Inglaterra). Peter Taylor é editor invitado desta edición do informe A educación superior no mundo.

O martes, 1 de abril, a máxima responsable da Administración educativa autonómica manterá unha serie de reunións de traballo con responsables educativos de Cataluña. Así, durante a xornada da mañá [Laura Sánchez](#) Piñón entrevistárase co reitor da Universidade

Pompeu Fabra, Josep Joan Mores i Mateos; co director do Centro de Regulación Xenómica, Miguel Beato del Rosal; e co reitor da Universidade de Barcelona, Marius Rubiralta Alcañiz. Posteriormente, a conselleira de Educación manterá unha xuntanza co conseller de Innovación, Universidades e Empresa, Josep Huguet e coa Comisionada de Universidades e Investigación, Blanca Palmada.

• Programa galego de empresas virtuais

A xornada do mércores xirará en torno á presentación dunha iniciativa enmarcada no proxecto FP Plus, que busca potenciar o emprendemento na Formación Profesional. Este acto terá lugar na VIII Feira Internacional de empresas virtuais, organizada pola Fundación Inform. A conselleira de Educación asistirá á inauguración da Feira e percorrerá os stands acompañada polos consellers de Educación e de Traballo, Ernest Maragall e María del Mar Serna Calvo, respectivamente.

Galicia conta cun stand propio nesta feira, no que se dará conta do proxecto FP Plus. Dentro deste proxecto, FP Simula, ou Programa de empresas simuladas na Formación Profesional, pretende contribuír ao fomento da cultura emprendedora, ao uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como formar ao alumnado no campo da xestión e da administración, empregando como metodoloxía a reprodución de situacións reais mediante a simulación. Este programa está dirixido ao alumnado de Formación Profesional das familias profesionais de Administración, Comercio e Marketing e Hostalería e Turismo.

[Mujeres en Meetic](#)

1ª página de encuentros de Europa Millones de solteros con fotos

[Ensequida dentro, gratis](#)

Mujeres: mira las fotos ¡El contacto es inmediato!
www.onedate.com

Anuncios Google

© [Xornal Galinet S.A.](#) Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción: redaccion@xornal.es. Publicidad: comercial@xornal.es
[Puesto del Top 100 gallego](#). Publicación digital controlada por 